

PULPIÑO VIASCÓN

A musicleta! 🎵

MÚSICA DE RÚA

A *Musicleta* transfórmase nun escenario a pedais adicado aos músicos, unha plataforma sobre rodas en movemento, onde poder presentar espectáculos musicais variados dende outra perspectiva, coa idea de chegar a moitos recunchos e satisfacer a público de todas as idades.

Interpretarán pezas populares nun pasarrúas inesquecible, animando aos presentes a cantar e dar uns paseos. Un home orquestra con percusión, acordeón, serrucho e game boy fan da *Musicleta* unha festa na rúa animando as vilas con música e humor.



[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)



CÉ ORQUESTRA PANTASMA

🎵 Home Orquestra

Apoiándose na recuperación da figura do Home Orquestra, César Freiría, Cé Orquestra Pantasma convértese na fórmula perfecta para escapar do mundo por uns intres, deixándose levar, entregándose por completo á festa. Porque iso é o que son os seus espectáculos: unha gran festa chea de forza, ritmo e fantasía onde o público deixa de ser espectador para se converter en protagonista.

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

www.culturactiva.org ➔